

vicio mio [...] por cabsa de las dichas fortalezas se recibiria [...] en la dicha tierra de Mesía e sus terminos muchas muertes de omes e robos e otros males.”

Finalmente, en 1523 acaba en mans da Mitra compostelá. Extinguidas xa as xurisdicións, e creados os municipios, o Concello de Mesía adoptou por armas, no seu escudo, a famosa torre, reproducida desde 1847 no seu selo municipal. A Torre de Mesía estivo en pé ata 1859, cando foi derruída.

4. O río Samo

Os soldados do castelo abasteciáanse de auga no río Samo polo que para defenderse o castelo tiña un muro perpendicular á fortaleza que ía ata o río.

Un castelo de lenda: a traxedia da infanzona de Mesía

Este castelo ten a súa propia lenda, que conta que a dona da fortaleza de Mesía mantiña unha relación amorosa cun trobador da zona. Un día decatouse de que o trobador tiña á vez un idilio cunha doncela do seu séquito. Enfurecida por despeito, mandou chamar un dos mellores guerreiros das súas terras para que lle trouxese a cabeza daquela doncela que cortexaba co seu amado, e así liberarse dos celos e desenganos. O encargo foi levado a cabo con dilixencia polo guerreiro quen, horas máis tarde, se presentou ante a súa señora cun saco ensanguentado. Tras abri-lo e envorcalo ante ela, esta enmudeceu e palideceu ao comprobar, horrorizada, que a cabeza que xacía aos seus pés era a da súa propia filla. Trastornada completamente, retirouse e nunca se volveu saber do seu paradiro.

Un lugar para gozar do contacto coa natureza

As beiras do río Samo son un excelente lugar para descansar e gozar tranquilamente do contacto coa natureza.

As súas augas están protexidas polo ben conservado bosque de ribeira, de freixos e ameneiros, que o bordea e onde encontran refuxio multitude de plantas e animais, como as rechamantes libeliñas e cabaliños do demo ou o inquedo merlo rieiro.

Achégate a descubri-lo!



COMO CHEGAR?



Código QR para navegar ata o Castelo de Mesía co teu móbil e GoogleMaps.



Coordenadas do Castelo:

| | |
|------------|---------------|
| Latitude: | 43° 07' 05" N |
| Lonxitude: | 08° 14' 34" O |




MÁIS INFORMACIÓN sobre este e outros recursos próximos na web do Concello de Mesía: concellodemesia.es



Concello de Mesía

RUTA POLO CONTORNO DO CASTELO DE MESÍA




Concello de Mesía

Unha ruta para descubrir a historia do Castelo de Mesía

Arredor do Castelo de Mesía, hoxe en día en ruínas, está deseñada unha pequena ruta que nos permite achegarnos a el e descubrir como era. Desde cada baliza que marca a ruta, podemos visualizar ou imaxinarnos como eran algunhas das partes deste castelo.

Partindo do lugar da Pobra o camiño vainos achegando ao emprazamento do castelo que foi construído nun lugar estratéxico: un pequeno outeiro na ribeira do río Samo, para exercer o control nas Terras de Mesía sobre un dos camiños que comunicaban Santiago de Compostela e Betanzos na baixa Idade Media.




1.- A torre da homenaxe

O castelo tiña unha torre da homenaxe, onde residían os señores, que chegou a ter máis de 18 metros de altura e desde a que dominaban o camiño que protexían. Na fortaleza había outras dependencias, como forno, muíño, cortes, adega, cheminea ... aínda que as condicións de vida neste castelo non debían ser moi boas, xa que os aposentos eran moi sombríos.

2.- O foxo e as murallas

Posuía uns potentes muros de 2,5 metros de grosor, nos que aínda se poden ver dúas seteiras ou ventás estreitas de 2 metros de alto que servían para disparar con arcos. Tamén se aprecian restos de tres torreóns adosados que reforzaban aínda máis a fortaleza.

Estaba rodeado por un profundo foxo que o protexía dos ataques e que só era franqueado a través dunha ponte levadiza, chamada a ponte de Trabanca.



Reconstrucción virtual de como se supón que era o Castelo de Mesía

3. O castelo e a súa historia

O castelo ou torre-fortaleza de Mesía data de finais do século XIII ou principios do XIV. No que hoxe son ruínas, estivo no pasado ubicada a cabeza da xurisdición de Mesía, que abarcaba 45 parroquias, incluídas as dos concellos limítrofes.

No lintel da torre da homenaxe, hoxe desaparecido, constaba unha inscrición que indicaba que o castelo fora construído por Gonzalo Díaz de Mesía e a súa dona María Pérez, que obtivera o señorío e as terras polos servizos militares prestados ao Rei Enrique de Trastámara.

ESTA CASA FEZO D. GONZLAVO (Gonzalvo) DÍAZ DE MESÍA E SUA MOLER M(María) PRES (Peres).

Ao longo da historia este castelo foi pasando por diversos propietarios que herdaron, disputaron ou usurparon o seu dominio.

En 1467, os Irmandiños levantáronse por mor dos abusos dos señores e destruíron o castelo, que logo de abandonalo foi usurpado e reconstruído polo Arcebispo Fonseca. Despois da famosa batalla de Altamira foi recuperado por Gómez Pérez das Mariñas, que llo deixa en herdanza á súa filla Ginebra. Ao casar e marchar para Salamanca, volve perder a torre-fortaleza ante outros señores que pretendían construír máis castelos nas Terras de Mesía, algo que impediu en 1476 a Raíña Isabel A Católica.

“[...] Me fue fecha relación que algunos caballeros del dicho regno de Galisia e otras personas contra el tenor e forma de las leyes de los mis Reinos e señoríos hacen e mandan e quieren faser edificar algunas fortalezas en tierra de Mesia e en sus términos e jurisdicción e pertenencias [...] lo cual si ansi pasase seria grande deser-